



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR: Casa do Concello**  
**DATA: 8 de xuño de 2011.**  
**HORA DE COMEZO: 20.45 horas**  
**HORA DE REMATE: 21. 15 horas.**

### **ASISTENTES:**

D. Adolfo Gacio Vázquez  
D<sup>a</sup>. Adela Redondo Rendo  
D. Manuel Mouriño Varela  
D. Jesús Sanjuás Mera  
D. Jesús J. Santasmarinas Devesa  
D. José M<sup>a</sup> Fernández Vázquez  
D<sup>a</sup>. Dolores García Couto  
D. José Antonio Becerra Rodríguez  
D. José Viaño Rey  
D. Perfecto Barcala Mosquera  
D. Juan Neira Moure

### **AUSENTES:**

Ninguén.

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde en funcións Adolfo Gacio Vázquez, reuníronse os concelleiros en funcións que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno que foi convocado cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

#### **1. Aprobación da acta anterior.**

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1)Aprobación da acta anterior.**

Por unanimidade apróbase a acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 11 de maio de 2011.

O sr. Viaño felicita ao P.P. polos resultados obtidos nas eleccións e agradece o trato recibido tanto pola corporación como polos funcionarios, que sempre foi exquisito.

Solicita e agradece de antemán, que se lles permita continuar recibindo a través do correo electrónico as actas de pleno e de xunta de goberno.

Termina o sr. Viaño dicindo que queda a disposición do que poidan necesitar e que poden contar sempre coa súa achega.

Pide desculpas por si nalgún intre de tensión faltou ao respecto a alguén.

O señor alcalde dálle as grazas e di que si se lle remitirán as actas por correo electrónico, tal e como se ven facendo.

Continúa dicindo que agradece a actitude construtiva e positiva que sempre mantiveron durante esta lexislatura e que lamenta non poder seguir contando con eles nesta, aínda que estea outro electo.

Aínda que os tempos que veñen serán difíciles, terá que haber un cambio social, político e económico e polo tanto necesitaremos e estudaremos as súas achegas porque ao final todos traballamos por e para os veciños de Boqueixón.

O sr. Sanjuás agradece, así mesmo, a oposición construtiva que sempre fixeron.

Por último o sr. alcalde di que pide desculpas se nalgún intre cometeu algún erro e si se excedeu en algo.

Agradece as achegas que se fixeron durante esta lexislatura.

Sen máis asuntos que tratar , o alcalde en funcións remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria

O alcalde en funcións